

Demora dunha cita de revisión radiolóxica

Expediente: I.5.Q/11343/22

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dna. XXX referente á demora nunha cita de revisión radiolóxica.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

“Me hicieron una mamografía y ecografía el 4 de marzo de este año, me encontraron un bulto a vigilar cada 6 meses. Han pasado siete meses y medio y no me llaman, puse reclamación y me dicen que tengo que esperar. Hoy me presento en radiología para preguntar y cuál es mi sorpresa que me han equivocado el año y tengo la cita aconsejada para el 1 de octubre del 2023. Y me dicen que no pueden hacer nada”.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre as cuestións promovidas pola interesada. Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 01 de Decembro de 2022.

En dito informe, esencialmente, indícase o seguinte:

En resposta á reclamación presentada nesa institución, infórmase que unha vez comprobado que as probas solicitadas están correctamente rexistradas na lista de agarda da Área Sanitaria de Ferrol a paciente será citada en canto sexa posible, tendo en conta a prioridade e o tempo de espera.

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Estamos ante un suposto no que á interesada realizáronse dúas probas de imaxe en marzo e abril de 2022. A resultas das mesmas e do diagnóstico realizado polo especialista, este solicita seguimento e repetición de probas de imaxe ao cabo de seis meses. Porén, solicitadas as citas para ditas probas indícaselle á paciente que se realizarán en outubro de 2023.

Entende esta institución que unha vez solicitadas estas probas polo seu facultativo para valorar a evolución e o proceso asistencial o convinte sería que, se asignase nun tempo razoable unha data para a realización das mesmas, posto que si as demoramos poden perderse iniciativas terapéuticas que xa non procedan polo tempo transcorrido co conseguinte risco de producir un prexuízo para a doente.

### CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **recomendación:**

**Que se programen as citas de control das probas diagnósticas nun período de tempo razoable e en todo caso, dentro do indicado polo facultativo que realiza a solicitude das devanditas probas diagnósticas.**

E a seguinte **suxestión:**

**Que se proceda a citar á doente, Dna. XXX, nos próximos días, tal e como se solicitou no informe de data 03 de abril de 2022.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.



Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo